



**Resolución do 27 de xaneiro de 2020, da Dirección Xeral de Administración Local, pola que se modifica a relación de candidatos que deben realizar a proba eliminatoria de galego ao participar no concurso unitario de provisión de postos de traballo reservados a funcionarios con habilitación de carácter nacional e non acreditar o coñecemento do galego.**

Por Resolución desta dirección xeral do 17 de xaneiro de 2020, aprobouse a relación de candidatos que deben realizar a proba eliminatoria de galego ao participar no concurso unitario de provisión de postos de traballo reservados a funcionarios con habilitación de carácter nacional e non acreditar o coñecemento do galego, na que se incluíu a María Teresa Espinosa Barrasa.

Tendo en conta a documentación que consta no expediente da dita funcionaria, cómpre darlle por acreditado un coñecemento de galego equivalente ao Celga 4.

De acordo co indicado,

**RESOLVO:**

Modificar a lista de participantes no concurso unitario que deberán realizar a proba de galego eliminatoria que se celebrará o vindeiro día 31 de xaneiro de 2020, ás 10:00 horas, na Escola Galega de Administración Pública, na aula nº 11 (primeira planta), que queda como segue:

<b>Persoas convocadas proba galego</b>
BLANCO GIRÓ, JESÚS
LAMELAS SOTO, SILVIA

Santiago de Compostela

A directora xeral de Administración Local  
(Documento asinado electronicamente)  
Marta Fernández-Tapias Núñez

